

A LANZADA NO CAMIÑO MARÍTIMO CARA A SANTIAGO "AS MANTIDAS"

Por: Xavier Fernández Soutullo



Esta denominación pertence a un grupo de mulleres que, dende séculos atrás crearon unha das máis raras e curiosas tradicións galegas. Estas foron, aínda que ninguén se atreve a afirmar que non, as protagonistas da necesidade que había de "expulsar

ó demo" do corpo.

As Mantidas viñan de tódolos recunchos de Galicia para cumprir co xa lendario ritual das "nove olas". Viñan nove días antes do primeiro día da festa, producíndose unha pintoresca algarabía. Traían, para os seus días de vagar, as súas propias provisións, pois non era costume o seren axudadas polos veciños da zona. Durmían preto das súas cabalerías, ó abrigo dos alpendres, cando non no duro e asolado chan.

Algunha vez, traen ó "Demo" no corpo. Entón veñen a botalo e a espantalo; dise que veñen a "BOTALO FORA". Isto conseguían burlando a atención dos sacerdotes, aínda que, ás veces, estes facían a vista gorda, que era o máis corrente.

Con moitos atrancos a moza conseguía introducirse na ermida e, de seguido, as súas acompañantes, na maioría mulleres, comezaban a dicir en voz alta: - "Bótao fóra".

- "¡Bótao fóra!, ¡Bótao fóra!, insistían as mulleres, nun supremo esforzo de dominio sobre a vontade da feitizada, "Bótao fora", ¡Bótao fóra!, sen parar de dar voltas polo recinto da capela, sobre o chan de perpiaño que, aínda que non fala, de seguro que co paso dos séculos saberá o que alí ten acontecido.

Este costume era unha loita para vencer ó "Demo". Por momentos a escena semellaba unha loita desesperada, aínda que noutros unha andrómena. A escena tiña un intre álxido e solemne, quizás o máis decisivo: Cando os berros das exorcistas cruzábanse

por toda a estancia e sabreaban o ar, converténdose nun verdadeiro escándalo. A "enferma" cuspiía e babexaba, á vez que pronunciaba as máis groseiras blasfemias, que resoaban coma unha profanación baixo a bóveda pétrea da capela, ata que a posuída parecía ceder, xa derrubada e bafexante, por mor da forza e o tesón das voces que lle ordenaban que "O botase".

Contan que entón saía da súa boca un amasillo que lle era recollido por unha das exorcistas nun pano de man, de cor e forma diferente segundo o caso aínda que sempre tiñan algo en común e que era un forte cheiro a allo e que posteriormente era queimado.

Só entón o "Demo" deixara de se aloxar no corpo da muller: estaba xa fora. A moza, case de súpeto, recuperaba a súa cor normal, a súa alegría, a súa forza. De seguido tiñan que bañarse na feiticeira praia ante os ollos de moitas almas. Con ese fin saían medrosamente, pero atrevidas, de entre as rochas na espera dunha onda embravecida, das que trepan polo declive da praia e lanzan a súa espuma sobre elas, facendo correr ás asustadas bañistas ante as gargalladas

burlonas das xentes que asexan dende arriba.

Este é, pois, o baño das Mantidas. Con el sae a hipocondría dos seus corpos, ás veces tamén o "Demo". A praia ten, entón, na superstición popular, unha fonte inesgotable de clientes. Despois do último domingo do mes de agosto alí, á sombra dos cubertos onde as Mantidas durmiron sobre da palla cando non no duro solo,

xuntábanse unha serie de escenas campesiñas a ter en conta polos viaxeiros, e dábanse cita na explanada da festa os carros cargados cos mellores froitos das terras do Salnés, os xa sempre coñecidos transhumantes cegos cos seus lazarillos, as vendedoras de todo tipo de quincalladas, as rosquilleiras, etc. . . É entón cando o pracer estala ó redor do Santuario da Nosa Señora da Lanzada.



Ermida de A Lanzada